

A CULTURA
É UN DEREITO

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

XII XORNADA

IMPACTO POSITIVO:
UNHA ALIANZA
FESTIVAIS-ADMINISTRACIÓN

21 de maio de 2022

Sala Juanjo Gallo (Pazo Provincial)

Comisaria da xornada:
María Baqueiro Vidal

www.aculturaeundereito.gal



Deputación
DA CORUÑA

As novas lexislacions e normativas, xurdidas a raíz da aprobación da Axenda 2030, recollen a urxencia de modificar métodos, recursos materiais, hábitos e comportamentos, especialmente no mundo empresarial e industrial, pero que implican a sociedade no seu conxunto. A acción cultural, tan conectada co desenvolvemento social e individual e cunha enorme capacidade de transformación territorial -véxase por exemplo a súa vinculación con políticas e estratexias de turismo-non é allea a urxencia do momento. Nesa dirección, a Deputación da Coruña someteu ás súas liñas de subvencións a festivais, FO221 e FO223, incorporando de maneira máis clara e directa criterios de sustentabilidade para a concesión das mesmas, adquirindo o compromiso de acompañar a todas as entidades e concellos solicitantes na consecución e cumprimento de novos obxectivos.

Co fin de cumprir co dito compromiso é polo que a área de Cultura organizará a Xornada "Impacto positivo: unha alianza festivais-administración", no marco da iniciativa A Cultura é un dereito, que terá un carácter formativo e práctico e formúlase co acompañamento dunha guía útil.

Debido a que o aforo é limitado todas as intervencións retransmitiranse en streaming a través da canle de Youtube Cultura Deputación da Coruña.

Tamén contaremos cun servizo de interpretación de lingua de signos.

UN DEREITO
CULTURAL
A CULTURA É UN DEREITO

SÁBADO 21 PROGRAMA

09.30 h

Presentación da xornada **Impacto positivo: unha alianza festivais-administración e do manual de utilidade**. Con María Baqueiro, comisaria da xornada, e Xurxo Couto, deputado de Cultura da Deputación da Coruña.

10.00 - 12.00 h

Accesibilidade, Enerxía, Residuos, Auga, Patrimonio: de teloneiras a artistas principais.

Mesa de ideas e exposición con:

- Jone Pérez. Enxeñeira química, asesora de empresas en xestión sustentable e colaboradora da organización internacional A Greener Festival.
- Pablo Galindo. Doutor en Socioloxía pola Universidade de Granada na que é profesor titular. Director da Fundación Music for All e autor, junto con Diego Ferrón, da Guía de accesibilidade e inclusión en festivais de música en España.
- Nuria Díaz. Ambientóloga, con ampla experiencia no ámbito da xestión ambiental municipal e socia fundadora de EcoEvent.
- Nuria Balboa. Arquitecta e especialista na xestión técnica de eventos.

Moderadora:

Arancha Estévez. Xornalista e doutora en Ciencias da Comunicación.

12.00 - 12.30 h

Pausa/café

12.30 - 14.30 h

Necesitamos un plan: obradoiro para enfrontarse a un plan de sustentabilidade para o noso evento.

Taller dirixido por:

- Giada Calvano. Cofundadora de Chloe Sustainability.
- María Baqueiro. Enxeñeira, consultora de sustentabilidade e promotora do Pacto pola Cultura Sustentable de Galicia 2021.

14.30 h

Peché da xornada formativa

A asistencia é gratuita e o aforo limitado.

A inscrición á xornada debe realizarse a través do formulario habilitado para tal fin no enlace seguinte:

www.aculturaeundereito.gal
